

Os datos demostran que a muller cada vez toma máis protagonismo no eido do emprendemento e a empresa e así se extrae do último informe do Observatorio do Emprendemento de España (Informe GEM España): a porcentaxe de mulleres involucradas en iniciativas emprendedoras de menos de tres anos e medio de vida (5,6%) é superior ao dos homes (5,4%) e aumenta en todas as fases do proceso emprendedor.

No mes de marzo, no que se teñen celebrado numerosos actos para visibilizar a loita que libran as mulleres pola igualdade de dereitos, desde o Departamento de Promoción Económica e Comercio, queremos visibilizar e poñer en valor o papel da muller no ámbito da empresa, así como o das distintas entidades do ecosistema emprendedor que apoian e prestan asesoramento a estas iniciativas emprendedoras e empresariais promovidas por mulleres.

Con esta finalidade, organizamos a xornada *De emprendedora a empresaria*, que esperamos sirva como punto de encontro con outras persoas que están a valorar a idea de emprender, as que xa o fixeron e queren compartir as súas experiencias e a súa visión do mundo empresarial.

Programa: **DE EMPRENDEDORA A EMPRESARIA**

Día 31.03.2023

9:00 a 9:05 Presentación institucional: D. Jesús Javier Celemín Santos. Concelleiro delegado de Educación, Memoria Histórica, Innovación, Industria e Emprego do Concello da Coruña.

9:05 a 10:15 Mesa redonda: Experiencias emprendedoras e empresariais. Moderada por: Belén Lucía Gil Alvariño. Xefa do Departamento de Promoción Económica e Comercio.

Catro emprendedoras/empresarias en distintos momentos do emprendemento e de diferentes sectores, darán a coñecer as súas experiencias persoais como emprendedoras.

- **Karla Fernández Creo.** Técnica en arte téxtil e confeccionista de roupa, complementos e vestuario de espectáculos, coñecida como **Costurera Musguera** á vez que tecedora de mundos con 9 anos de experiencia como monitora. Gañadora do programa Gira Mujeres co seu proxecto Café - Taller Arte Téxtil *La Musguerería*, en fase de establecemento, un local no que adquirir e deseñar prendas únicas e personalizadas, instruírse no téxtil e fomentar a creatividade en actividades e eventos lúdicos variados.
- **Thais Suárez Rey.** Directora de arte e creadora de **Sísmica**, unha boutique creativa, a punto de cumprir dous anos, desde a que se desenvolven proxectos multiplataforma desde a dirección de arte e o deseño gráfico, ademais de crear eventos públicos e privados.
- **Iria Regueiro Espiñeira.** Socia fundadora de **Alén**, cooperativa especializada na integración da sustentabilidade e a economía circular como vantaxes competitivas nas organizacións. Aloxada no centro de empresas do Papagaio. Iria combina a súa ampla experiencia en cadea de subministro e compras co seu coñecemento sobre o impacto ambiental en social, e o seu obxectivo, como emprendedora e cofundadora de *Alén* é satisfacer o seu propósito persoal de axudar a crear valor e colaborar con proxectos locais cos que deixar unha pegada positiva na súa contorna.
- **Nuria Blanco López.** Directora do **Hotel Plaza** e **Hotel Avenida** da Coruña. Desde hai tres anos, uns meses antes do inicio da pandemia, colleu as rendas da dirección destes establecementos hoteleiros de xestión familiar e independente. Nestes anos, e a pesar dos altibaixos da pandemia, ten conseguido mellorar os resultados en calidade de experiencia da clientela, sendo os mellores hoteis valorados por Tripadvisor na cidade.

Coloquio co público asistente

10:15 a 11:00 Pausa café-networking

Ao remate da primeira mesa, farase un pequeno descanso que se aproveitará como espazo de contacto e interrelación entre as persoas participantes.

11:00 a 12:00 Mesa redonda: As entidades de apoio ao emprendemento

Intervención de representantes das entidades do ecosistema emprendedor que realizan tarefas de asesoramento e apoio a emprendedoras. Expoñerán brevemente a súa visión da situación actual das mulleres que solicitan o seu asesoramento ou acoden aos seus obradoiros/itinerarios.

- **FUNDACIÓN MUJERES.** **Fanny Santos Vázquez**, asesora do servizo de creación e consolidación de empresas de *Fundación Mujeres*. O seu traballo consiste en desenvolver un servizo que informa, diagnostica, asesora, forma, acompaña, axuda, facilita e apoia, tanto na creación como na consolidación de empresas, ás mulleres que entran a formar parte da entidade.
- **FUNDACIÓN RONSEL.** **Estela Vázquez Salvadores**, técnica de emprendemento en *Fundación Ronsel* e mentora en procesos de emprendemento. Acompaña ás persoas no seu camiño emprendedor: desde pasar a idea ao papel e deseñar o modelo de negocio, ata desenvolver o plan económico financeiro.
- **ASOCIACION DE EMPRESARIAS DA CORUÑA (AECO).** **Daniela Gómez Pezo**, psicóloga e sexóloga. Autónoma, emprendedora e nai, apaixonada da docencia e do traballo coas persoas. Docente de formación profesional para o emprego, docente en igualdade e de cursos relacionados coa psicoloxía e redes sociais no ámbito empresarial.
- **AJE CORUÑA.** **Eva Rosende Castro**, socia de *AJE Coruña* desde 2015 e integrante da xunta directiva como secretaria de organización desde 2017. Avogada, socia do despacho Artigo 14, primeira e única cooperativa xurídica de Galicia constituída en 2016 e con sedes en Coruña e Santiago de Compostela, proxecto que defende unha avogacía feminista e con perspectiva de xénero.
- **UNIÓN DE COOPERATIVAS ESPAZOCOOP.** **Patane García Méndez**, responsable de formación e coordinación interna. Psicóloga de formación, especializada en facilitación de grupos e vinculada ao cooperativismo desde 2006 como coordinadora responsable de formación en diferentes proxectos e entidades. Docente e consultora nas áreas de formación e persoas.

Coloquio co público asistente